

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas, e pola que se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle no seu artigo 27.22.º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia da promoción do deporte en réxime de exclusividade. En virtude desta competencia, a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, establece que a Administración autonómica promoverá o deporte de competición, así como tamén a competencia desta para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas de Galicia (artigos 3.4.º e 11 letra c), respectivamente).

Pola súa banda, o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúelle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

En virtude das atribucións conferidas, a Secretaría Xeral para o Deporte, por medio desta resolución, vén concretar a competencia legal antes apuntada da concesión de subvencións económicas ás entidades deportivas de Galicia para o desenvolvemento das súas actividades, coadxuvando así á súa consolidación no obxectivo xeral de garantir o desenvolvemento das actividades en que participan ou que promovan.

A universalización da práctica deportiva ten un papel transcendental na sociedade, actuando de maneira transversal a moitos aspectos sociais de gran relevancia para a mellora da calidade de vida dos cidadáns. Por esta razón é necesario apoiar as actividades e a participación dos clubs de Galicia en ligas ou campionatos oficiais de ámbito galego, estatal ou internacional, así como tamén as entidades que contribúen de forma importante ao desenvolvemento e á promoción do deporte e, en particular, do deporte base e do deporte feminino. Todas estas entidades deben conxugar o seu traballo de forma harmónica e complementaria para consolidar todos os itinerarios do deporte, desde a formación base, pasando pola competición, ata o alto rendemento deportivo, o que no seu conxunto cumpre un importante papel, entre outros, na formación educativa dos mozos e mozas nas respectivas disciplinas onde desenvolven a súa actividade.

Con respecto á convocatoria do exercicio anterior, dáse entrada á consideración como entidades beneficiarias nestas axudas das sociedades anónimas deportivas de Galicia legalmente constituídas, xa que estas entidades contribúen ao desenvolvemento, promoción e formación deportiva, cumprindo un importante papel na formación educativa nas respectivas disciplinas onde desenvolven a súa actividade.

No que respecta ás axudas ás sociedades anónimas deportivas para a realización das actividades que lles son propias e para o desenvolvemento da súa programación deportiva, quedan suxeitas ao réxime de axudas *de minimis*, polo cal non poderán exceder o límite cuantitativo 200.000 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

Outro aspecto a modificar nesta convocatoria é o referido aos criterios de determinación do importe das subvencións contidos no artigo 7 das bases reguladoras que, trala experiencia da súa aplicación no ano anterior, son lixeiramente modificados e mellorados.

A través desta resolución publícanse as referidas subvencións, que se tramitarán baixo o réxime de concorrencia non competitiva, sen que se produza comparación entre elas. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das subvencións, xa que a súa condición unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na propia resolución, simplificando e axilizando a tramitación deste procedemento.

Finalmente, esta convocatoria configúrase como un suposto de tramitación anticipada dos regulados no artigo 25.1.º letra a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axustándose igualmente á Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

En virtude do exposto, e en exercicio das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras.*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, e que rexerán a concesión de subvencións pola Secretaría Xeral para o Deporte destinadas aos clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares de Galicia e socieda-

des anónimas deportivas para a súa participación en competicións oficiais, así como efectuar a súa convocatoria para o ano 2012.

Artigo 2. *Solicitudes.*

2.1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución.

2.2. Deberá presentarse unha única solicitude por entidade. As entidades deportivas que participen en actividades deportivas oficiais de máis dunha federación deportiva galega, e desexen recibir subvención pola actividade desenvolvida en cada unha delas, deberán reflectir particularmente, na instancia de solicitude, cada unha das federacións en que desenvolven a súa actividade deportiva.

2.3. A presentación das solicitudes implica o compromiso de someterse ás normas reguladoras da subvención establecidas nesta resolución.

2.4. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes e emenda de deficiencias.*

3.1. As solicitudes dirixiranse aos servizos provinciais de deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aos seguintes enderezos:

- Servizo Provincial de Deportes da Coruña: praza de Agustín Díaz 1, 15008 A Coruña.
- Servizo Provincial de Deportes de Lugo: edificio administrativo Rolda da Muralla, 70-1.º, 27071 Lugo.
- Servizo Provincial de Deportes de Ourense: avda. de La Habana, 79-4.º andar, 32004 Ourense.
- Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra: rúa Fernández Ladreda n.º 43-5.º, 36003 Pontevedra.

Así mesmo, e de acordo co disposto no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia, os formularios da solicitude de axuda poderán ser obtidos, enchidos, validados e presentados polo solicitante a través da aplicación informática a que se accede, seleccionando este procedemento na páxina web oficial desta secretaría xeral, deportegalego.es, e procedendo á súa presentación no enderezo da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, mediante sinatura electrónica do representante legal da entidade solicitante ou persoa que a represente, que deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3. Poderanse encher e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día anterior á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

3.3. A Secretaría Xeral para o Deporte velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tratamento do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros. Porén, a Secretaría Xeral para o Deporte revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral para o Deporte, Estadio Multiúsos de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela, indicando no sobre ou no asunto do escrito Dereitos arco-Servizo de Contratación e Xestión Económica.

3.4. Recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polos servizos provinciais de deportes da Secretaría Xeral para o Deporte, co obxecto de comprobar que se atopan debidamente cubertas e suficientemente documentadas. En

caso contrario, requirirase ao solicitante para que, no prazo improrrogable de dez días, proceda a emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, se non o fixer así, se considerará que desiste da súa petición, logo de adopción da oportuna resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Este requirimento realizarase, tras a comunicación por parte de cada un dos servizos provinciais das incidencias detectadas nas documentacións, mediante a publicación no DOG da lista de solicitudes excluídas e a súa causa, e das que están pendentes de achegar algunha documentación ou realizar emenda, facendo indicación expresa de que, no caso de non achegar a documentación requirida, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución. Esta lista tamén será publicada nos taboleiros de anuncios da Secretaría Xeral para o Deporte e dos servizos provinciais de Deportes, así como na páxina web www.deportegalego.es.

Artigo 4. *Financiamento.*

4.1. A concesión de subvencións reguladas nesta resolución será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.441A.481.0 do exercicio orzamentario do ano 2012, ata un importe máximo de 3.023.000 euros (tres millóns vinte e tres mil euros). Este importe poderá ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución segundo o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A contía referida distribuirase da seguinte forma:

a) A Clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas, 2.923.000 euros (dous millóns novecentos vintetrés mil euros), sendo a axuda máxima por beneficiario inferior a 30.000 euros.

b) Ás agrupacións deportivas escolares, 100.000 euros (cen mil euros), establecéndose a axuda máxima por beneficiario en 15.000 euros.

4.2. A concesión destas subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4.3. No que respecta ás sociedades anónimas deportivas, este réxime de axudas queda suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*. De acordo co establecido neste regulamento comunitario, a axuda total *de minimis* concedida a unha sociedade anónima deportiva determinada non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Estes límites aplicaranse, independentemente

da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido e indistintamente de se a axuda concedida polo Estado membro, está financiada total ou parcialmente mediante recursos de orixe comunitaria. O período determinarase tomando como referencia os exercicios fiscais empregados pola sociedade anónima deportiva no estado membro correspondente.

Artigo 5. Prazo de duración do procedemento de concesión.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá superar a duración de seis meses. A resolución das subvencións non será anterior, en todo caso, o 1 de xaneiro de 2012.

Artigo 6. Xustificación e prazo para a súa realización.

6.1. A xustificación das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria efectuarase conforme o establecido no artigo 14 das bases reguladoras, e esta xustificación deberá corresponder a gastos subvencionables, entendendo por tales aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro do mesmo ano.

6.2. Os beneficiarios, unha vez notificadas as resolucións de concesión, deberán xustificar a axuda concedida no prazo dun mes contado desde a notificación, presentando para iso a documentación requirida no artigo 14 das bases reguladoras. Para o cómputo do prazo haberá que aterse ao disposto no artigo 3.2 desta convocatoria.

6.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións convocadas pola Secretaría Xeral para o Deporte no ano 2012, as entidades que, resultando beneficiarias nesta convocatoria, non xustificasen axeitadamente a realización das actuacións subvencionadas, sen presentar renuncia expresa e por razóns xustificadas, aceptada pola secretaria xeral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2011.

Por desconcentración (Decreto 325/2009)
José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas*Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións.*

1.1. As subvencións reguladas nestas bases teñen por finalidade o fomento e a promoción do deporte galego no seu ámbito deportivo-competitivo e no do deporte en idade escolar.

1.2. Será obxecto deste procedemento de subvencións, financiar os gastos derivados da participación por parte das entidades e clubs en competicións de carácter oficial no ano 2011 (a nivel autonómico, nacional ou internacional). No que respecta ás agrupacións deportivas escolares, financiaranse os gastos acometidos pola participación na campaña de deporte escolar da Secretaría Xeral para o Deporte (programa Xogade).

1.3. Estas subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva, consonte o disposto no artigo 19.2.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas.

Artigo 2. Beneficiarios.

2.1. Poderán ser beneficiarios das subvencións os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, inscritos, en todos os casos, no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas da Secretaría Xeral para o Deporte.

2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia en quen concorran algunha das circunstancias sinaladas nos puntos 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Compatibilidade.

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, incluídas as axudas ás sociedades anónimas suxeitas

ao réxime *de minimis*, sen prexuízo da obriga de lle comunicar ao órgano concedente a súa obtención. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario. Esta circunstancia deberá ser acreditada polo beneficiario conforme o establecido no artigo 14 destas bases.

Artigo 4. *Solicitudes e documentación.*

4.1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma, lugares e prazo que se indican na convocatoria.

4.2. Xunto coa solicitude, as entidades solicitantes deberán presentar as fotocopias do CIF da entidade e do DNI do seu representante, declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (anexo III), así como, de ser o caso, nos clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas, certificación acreditativa da realización da actividade denominada «Coñece o meu club» (programa Xogade), expedida polo secretario do centro educativo onde se desenvolveu. As copias achegadas deben estar compulsadas ou debidamente cotexadas por un funcionario da Xunta de Galicia ou un funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

4.3. As sociedades anónimas deportivas achegarán declaración de axudas, amparadas pola cláusula *de minimis*, obtidas ou solicitadas durante os últimos tres anos, en calquera outra Administración, organismos ou entes públicos ou privados, que haberá de formularse, segundo o modelo recollido no anexo VIII desta resolución ou, de ser o caso, declaración responsable de non ter recibido ningunha

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións.*

5.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

5.2. Conforme o establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os documentos exixidos que xa estean en poder da Administración actuante non deberán ser achegados coa solicitude, sempre que con esta se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foi presentada a documentación e que non transcorresen máis de cinco anos desde a

finalización do procedemento a que correspondan. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5.3. Segundo a disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente coa sinatura da solicitude a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, sen prexuízo dos supostos en que a publicidade resulte excluída en virtude do disposto no decreto citado ou norma de rango legal.

5.4. De conformidade co artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral para o Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

5.5. De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, non será exigible a fotocopia do documento nacional de identidade, sempre que o/a solicitante preste o seu consentimento para que o órgano xestor poida realizar a consulta por medio telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas.

No caso de que o/a interesado/a non prestase o dito consentimento para a comprobación dos datos, poderáselle exixir que presente a fotocopia do documento de identidade correspondente.

Artigo 6. *Órganos competentes e instrución do procedemento.*

6.1. O titular da Subdirección Xeral de Deportes será o órgano instrutor do procedemento, e elevará proposta de resolución, conforme todo o actuado, ao secretario xeral para o Deporte, quen adoptará a resolución en virtude da cal se outorgarán ou denegarán as

subvencións solicitadas, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG n.º 119, do 19 de xuño).

6.2. Recibidas as solicitudes nos respectivos servizos provinciais, revisarase a documentación achegada e, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos.

Este requirimento realizarase mediante a publicación no DOG da lista de solicitudes excluídas e a causa, e das que están pendentes de achegar algunha documentación, facendo indicación expresa de que, no caso de non achegar a documentación requirida, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución. Esta lista tamén será publicada nos taboleiros de anuncios da Secretaría Xeral para o Deporte e dos servizos provinciais de Deportes, así como na páxina web www.deportegalego.es

Poderá tamén requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento, en calquera fase do mesmo.

6.3. Revisados os expedientes coa documentación presentada no momento da solicitude, así como no prazo de emenda, o órgano instrutor remitirá a cada federación deportiva galega correspondente unha lista coas entidades deportivas afiliadas á dita federación que presentaron a solicitude de axuda e que teñan correctamente presentada toda a documentación.

O secretario de cada federación deportiva galega certificará, co visto e prace do presidente, os datos deportivos sinalados no punto 4 deste artigo de cada unha das entidades afiliadas á súa federación que solicitaron axuda, remitindo estas certificacións ao órgano instrutor, nun prazo non superior a 15 días naturais contados desde a data de recepción da notificación.

No caso de solicitudes de clubs que participen en modalidades deportivas non adscritas a ningunha federación deportiva galega, o órgano instrutor poderá solicitar a certificación destes datos á federación deportiva española correspondente. No caso de non

estar adscritas a ningunha federación deportiva española, solicitarase por esta orde de prelación, á Asociación Galega de Clubs correspondente á súa modalidade deportiva ou á Asociación Española de Clubs correspondente á súa modalidade deportiva. De non existir estas, solicitarase certificación do secretario da entidade onde se reflectan aqueles datos.

6.4. As federacións deberán emitir as certificacións sinaladas no punto anterior, respecto dos seguintes datos:

a) No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas:

1. Categoría da competición deportiva:

1.a) No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por ligas:

– Nivel (1.º, 2.º) da liga en que participa na categoría absoluta e/ou na categoría previa á absoluta (xuvenil ou outra denominación).

– Número de ligas da modalidade en categoría absoluta e en categoría previa á absoluta a que se accede por clasificación.

– Número de licenzas de ámbito estatal da modalidade.

– Participación en competicións europeas ás que se accede por clasificación.

1.b) No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por campionatos:

– Número de deportistas participantes na categoría absoluta, na competición máis relevante no ámbito nacional.

– Número de deportistas que obtivesen o primeiro posto na categoría absoluta, na competición máis relevante no ámbito nacional.

– Número de licenzas de ámbito nacional da modalidade.

2. Número de licenzas na categoría previa á absoluta e anteriores, reflectindo se a relación entre o número de licenzas e a participación de deportistas en, cando menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente é inferior ao 20%, estea entre o 20 e o 50% ou é superior ao 50%.

3. Número de equipos participantes nas ligas A da campaña de deporte escolar da Secretaría Xeral para o Deporte.

4. Participación en campionatos de España:

4.a) No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por ligas:

– Número de equipos que participaran na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante para a modalidade, en todas as categorías.

– Número de deportistas que participaran na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante para a modalidade, en todas as categorías.

– Número de equipos de categoría absoluta que, non participando na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante, participen en ligas en que participen equipos de, polo menos, tres comunidades autónomas.

4.b) No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por campionatos: número de deportistas clasificados para participar nas dúas competicións deportivas de ámbito nacional máis relevantes para a modalidade, en todas as categorías.

5. Número de licenzas na categoría absoluta, reflectindo se a relación entre o número de licenzas e a participación de deportistas en, cando menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente é inferior ao 20%, estea entre o 20 e o 50% ou é superior ao 50%.

6. Número de licenzas de adestradores.

7. Número de deportistas nas categorías absoluta, previa á absoluta e intermedia que participaran coa selección española en competicións oficiais de ámbito internacional.

b) No caso das agrupacións deportivas escolares: número de modalidades deportivas, número de equipos por modalidade, número de participantes por modalidade e total e, finalmente, número de entidades participantes.

6.5. As federacións cuxas entidades sexan valoradas conforme os criterios establecidos na letra c. do punto 7.1.1.A no artigo 7 certificarán datos referentes ás características do campionato galego oficial de categoría absoluta.

6.6. Co fin de certificar os datos sinalados, as federacións deportivas de Galicia deberán recoller o seguinte detalle:

a) Unicamente se valorarán as licenzas que habiliten para a participación en competicións oficiais. Non se terán en conta as licenzas expedidas para a participación en cursos de promoción ou para actividades puntuais que non constitúan a actividade deportiva habitual e preferente de cada modalidade deportiva.

b) A categoría absoluta é aquela categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva de máis alto nivel, sendo xeralmente aquela en que participan deportistas que, no seu primeiro ano na categoría, cumpren 19 anos. A comisión poderá establecer criterios diferentes naquelas modalidades que estean estruturadas en categorías de idade diferentes ás habituais.

c) A categoría previa á absoluta: é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumpran 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.

d) A categoría intermedia é a categoría oficialmente recoñecida de cada modalidade en que participen deportistas que deixan a categoría previa absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría absoluta.

e) Para a valoración das epígrafes «Participación en campionatos de España» e «Categoría da competición deportiva», os clubs e sociedades anónimas deportivas clasificaranse en:

I. Clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por ligas: son os clubs ou sociedades anónimas deportivas daquelas modalidades deportivas en que a competición máis relevante se desenvolve, na categoría absoluta ou na previa á absoluta, en sistema de liga regular a que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, e cun volume de desprazamentos frecuente.

II. Clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por campionatos: son os clubs e sociedades anónimas deportivas daquelas modalidades deportivas en que a competición máis relevante non se desenvolve en sistema de liga regular, de xeito que non teñen que participar en diferentes encontros deportivos ao longo do ano para participar na competición deportiva oficial máis relevante do seu deporte.

f) Os datos para certificar farán referencia á derradeira tempada deportiva rematada, debendo ser esta mesma para todos os clubs e sociedades anónimas deportivas da mesma modalidade deportiva.

6.7. Recibidas polo órgano instrutor as certificacións sinaladas no punto anterior, este as publicará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, www.deportegalego.es, para os efectos de que por parte dos interesados se poidan presentar alegacións aos datos contidos nas referidas certificacións, nun prazo improrrogable de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web. Rematado o prazo de alegacións, o órgano instrutor remitirá as alegacións recibidas ás respectivas federacións para, de ser o caso, modificar as certificacións emitidas en primeira instancia.

Recibidas polo órgano instrutor as certificacións definitivas sinaladas no punto anterior, este remitirá estas, xunto á documentación que cumpra as exixencias contidas nestas bases, á Comisión encargada de aplicar os criterios de determinación do importe da subvención establecidos no artigo seguinte.

A referida comisión estará presidida polo/a titular da Subdirección Xeral de Deportes ou persoa en quen delegue, actuando como vogais os xefes dos servizos provinciais de deportes da Secretaría Xeral para o Deporte e un técnico deportivo da mesma secretaría xeral, designado polo presidente da Comisión. Será secretario da comisión o titular da Xefatura do Servizo de Coordinación Deportiva da Secretaría Xeral para o Deporte ou persoa que o substitúa.

6.8. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 7. Criterios de determinación do importe da subvención.

7.1. Os importes das subvencións que se concedan aos beneficiarios serán calculados, pola Comisión referida no artigo 6.6, conforme os seguintes criterios:

7.1.1. Clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas:

Para a asignación dos valores que se inclúan en cada un dos niveis reflectidos nos criterios de determinación do importe da subvención, teranse en conta os datos certificados polas federacións.

A. Categoría da competición deportiva principal en que actúa a entidade: ata 40 puntos.

Nivel 1: 40 puntos.

Nivel 2: 30 puntos.

Nivel 3: 20 puntos.

Nivel 4: 10 puntos.

Nivel 5: 5 puntos.

Nivel 6: 2 puntos.

Para a determinación deste nivel atenderase aos seguintes criterios:

a. No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por ligas: para a adxudicación dos puntos atenderase ao nivel (1.º, 2.º) da liga en que participa na categoría absoluta e/ou na categoría previa á absoluta (xuvenil ou outra denominación), ao número de ligas da modalidade en categoría absoluta e en categoría previa á absoluta a que se accede por clasificación, ao número de licenzas de ámbito estatal da modalidade e á participación en competicións europeas a que se accede por clasificación. Para esta adxudicación non se valorarán os equipos que participen en ligas profesionais. Debido ás especiais características do deporte practicado por persoas con algunha discapacidade, exceptuarase a aplicación do criterio referido ao número de licenzas de ámbito estatal da modalidade.

b. No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por campionatos, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de participacións na categoría absoluta, así como ao número de primeiros postos na categoría absoluta, na competición máis relevante no ámbito nacional, así como ao número de licenzas de ámbito nacional da modalidade.

c. No caso dos clubs deportivos organizadores de probas dun campionato galego oficial, empregaranse os seguintes criterios para valorar a actividade desenvolvida naquelas

modalidades deportivas en que a actividade principal dos clubs deportivos cumpra as seguintes condicións:

a. Non se substancia no desenvolvemento de actividades vinculadas a procesos regulares e frecuentes de adestramento deportivo dos seus deportistas relacionados coa participación destes deportistas en competicións deportivas.

b. Garanta a celebración da competición deportiva oficial por soportar estas entidades a organización ou co-organización dalgunha das probas oficiais naqueles campionatos galegos de categoría absoluta que se desenvolvan en varias xornadas/campionatos en que a clasificación final dependa da puntuación obtida ao longo das diferentes probas que configuran o correspondente calendario.

Para a determinación dos niveis atenderase ao nivel deportivo das probas que se determinará polo número de probas, así como o número de participantes no campionato. Unicamente se valorará unha proba por entidade.

A Comisión determinará, con base no reflectido neste punto, as modalidades deportivas que deben ser atendidas conforme estes criterios.

B. Número de licenzas federativas na categoría previa á absoluta e anteriores: ata 20 puntos.

Nivel 1: 20 puntos.

Nivel 2: 15 puntos.

Nivel 3: 10 puntos.

Nivel 4: 5 puntos.

Nivel 5: 2 puntos.

O número de licenzas que se valorarán reducirase cando a entidade solicitante estea nalgún dos seguintes supostos:

a. Valorarase o 50% das licenzas certificadas cando a relación entre número de licenzas e participación de deportistas en, polo menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente estea entre o 20 e o 50%, ambos incluídos.

b. Non se valorará o número de licenzas certificado cando a relación entre o número total de licenzas da entidade e a participación de deportistas en, polo menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente sexa inferior ao 20%.

C. Número de equipos participantes en deportes colectivos nas ligas A da campaña de deporte escolar da Secretaría Xeral para o Deporte: ata 14 puntos.

4 equipos ou máis: 14 puntos.

3 equipos: 12 puntos.

2 equipos: 8 puntos.

1 equipo: 4 puntos.

D. Pola participación na actividade denominada «Coñece o meu club», integrada dentro do programa Xogade.

1 punto.

E. Participación en campionatos de España ou, naquelas modalidades en que non exista campionato de España, na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante: ata 10 puntos.

Nivel 1: 10 puntos.

Nivel 2: 8 puntos.

Nivel 3: 6 puntos.

Nivel 4: 4 puntos.

Nivel 5: 2 puntos.

a. No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por ligas, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de equipos e deportistas que participarán na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante para a modalidade, en todas as categorías. Tamén se atenderá aos equipos de categoría absoluta que,

non participando na competición deportiva de ámbito nacional máis relevante, participen en ligas que contén con equipos de, polo menos, tres comunidades autónomas.

b. No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas de competición principal por campionatos, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de deportistas clasificados para participar nas dúas competicións deportivas de ámbito nacional máis relevantes para a modalidade, en todas as categorías.

F. Número de licenzas federativas na categoría absoluta: ata 5 puntos.

Nivel 1: 5 puntos.

Nivel 2: 4 puntos.

Nivel 3: 3 puntos.

Nivel 4: 2 puntos.

Nivel 5: 1 punto.

O número de licenzas que se valorarán reducirase cando a entidade solicitante estea nalgún dos seguintes supostos:

a. Valorarase o 50% das licenzas certificadas cando a relación entre número de licenzas e participación de deportistas en, polo menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente estea entre o 20 e o 50%, ambos incluídos.

b. Non se valorará o número de licenzas certificado cando a relación entre o número total de licenzas da entidade e a participación de deportistas en, polo menos, unha competición oficial do calendario da federación galega correspondente sexa inferior ao 20%.

G. Número de licenzas federativas de adestradores: ata 5 puntos.

Nivel 1: 5 puntos.

Nivel 2: 4 puntos.

Nivel 3: 3 puntos.

Nivel 4: 2 puntos.

Nivel 5: 1 punto.

H. Número de deportistas nas categorías absoluta, previa absoluta e intermedia que participasen coa selección española en competicións oficiais de ámbito internacional: ata 5 puntos.

Nivel 1: 5 puntos.

Nivel 2: 4 puntos.

Nivel 3: 3 puntos.

Nivel 4: 2 puntos.

Nivel 5: 1 punto.

7.1.2. Agrupacións deportivas escolares:

Para a asignación dos valores que se van incluír en cada un dos niveis reflectidos nos criterios de determinación do importe da subvención teranse en conta os datos certificados. Así, a elaboración dos niveis farase en función dos valores máximos e mínimos, rexeitando, de ser necesario, os valores máximos nos casos en que estes estean moi afastados da media e, polo tanto, poidan distorsionar a elaboración dos niveis.

A. Número de modalidades deportivas, ata 25 puntos.

Nivel 1: 25 puntos.

Nivel 2: 20 puntos.

Nivel 3: 15 puntos.

Nivel 4: 10 puntos.

Nivel 5: 5 puntos.

B. Número de equipos por modalidade, ata 25 puntos.

Nivel 1: 25 puntos.

Nivel 2: 20 puntos.

Nivel 3: 15 puntos.

Nivel 4: 10 puntos.

Nivel 5: 5 puntos.

C. Número de participantes por modalidade e total, ata 25 puntos.

Nivel 1: 25 puntos.

Nivel 2: 20 puntos.

Nivel 3: 15 puntos.

Nivel 4: 10 puntos.

Nivel 5: 5 puntos.

D. Número de entidades participantes, ata 25 puntos.

Nivel 1: 25 puntos.

Nivel 2: 20 puntos.

Nivel 3: 15 puntos.

Nivel 4: 10 puntos.

Nivel 5: 5 puntos.

7.2. No caso dos clubs e sociedades anónimas deportivas que participen en competicións oficiais de máis dunha federación, farase un cálculo diferenciado para cada unha

das seccións, asignándolles cantidades diferenciadas, que se sumarán ata acadar a contía definitiva, que non superará en ningún caso a contía de 30.000 euros. De ser o caso, para a determinación do importe das subvencións outorgadas ás sociedades anónimas deportivas, teranse en conta as axudas suxeitas ao réxime *de minimis* recibidas nos últimos tres exercicios.

7.3. Procederáse ao rateo proporcional dos importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

7.4. A comisión elevará ao órgano instrutor proposta de resolución. Todos os solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos non acadarán a condición de beneficiario, excepto as entidades que participen nas competicións deportivas oficiais dirixidas a persoas con algunha discapacidade. Neste último caso deberán obter unha puntuación mínima de 3 (tres) puntos.

Artigo 8. *Contía da subvención.*

O importe das subvencións será o resultado aritmético da regra de tres de asignar á puntuación máxima que se pode obter, 100 puntos, o importe máximo que se pode conceder: inferior aos 30.000 euros no caso dos clubs e das sociedades anónimas deportivas, e ata 15.000 euros no caso das agrupacións deportivas escolares. De ser o caso, para a determinación do importe das subvencións outorgadas ás sociedades anónimas deportivas, teranse en conta as axudas suxeitas ao réxime *de minimis* recibidas nos últimos tres exercicios.

Artigo 9. *Resolución e notificación.*

9.1. Analizadas as solicitudes polo órgano instrutor, este, á vista do expediente e do informe da Comisión, formulará a proposta motivada de resolución, que será elevada ao titular da Secretaría Xeral para o Deporte, encargado de resolver sobre a concesión ou denegación das solicitudes presentadas.

9.2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder os seis meses, contado desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no DOG. Esgotado este prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente por silencio administrativo.

9.3. De conformidade co establecido no artigo 59.6.º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación levarase a cabo mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas con expresión dos motivos da desestimación.

9.4. Notificada a resolución polo órgano concedente, o beneficiario disporá dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 10. *Publicación.*

A resolución publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Artigo 11. *Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o secretario xeral para o Deporte no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12. *Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras ad-

ministracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13. *Renuncia.*

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o titular da Secretaría Xeral para o Deporte ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1.º da mesma lei.

Artigo 14. *Xustificación da subvención.*

14.1. A solicitude de aboamento da axuda concedida (anexo IV) deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (anexo III), actualizada á data da xustificación.

b) Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se fará o ingreso da subvención.

c) De conformidade co disposto no artigo 51 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios presentarán unha conta xustificativa simplificada que conterá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (anexo V).

2. Relación clasificada dos gastos efectuados e pagados por un importe equivalente, polo menos, ao da subvención concedida (anexo VI). Esta relación deberá conter a identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

Esta relación de gastos deberá referirse:

2.A. No ámbito dos clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas, e en canto á participación dos seus equipos e deportistas nas competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional, os gastos referiranse aos seguintes conceptos:

a) Licenzas federativas aboadas.

b) Seguros deportivos aboados e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva, que non fosen obxecto doutras axudas, subvencións ou achegas desta ou doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais

c) Inscricións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición.

d) Gastos de arbitrxes.

e) Gastos de adestradores/as.

f) Gastos relacionados co transporte, e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.

g) Gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións.

h) Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc).

i) Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.

2.B. No ámbito das agrupacións deportivas escolares, e en canto á participación nas competicións e programas deportivos incluídos no programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte, os gastos referiranse aos seguintes conceptos:

a) Gastos de organización (material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitrxes e calquera outro relacionado e directamente imputable á organización da actividade).

b) Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc.).

3. Declaración responsable do representante da entidade en que se reflicta que o importe da subvención concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, xunto ás posibles subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión

Europea ou de organismos internacionais, non supera, no caso dos clubs, os gastos ocasionados con motivo da participación dos seus equipos e deportistas nas competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional, ou, no caso das agrupacións deportivas escolares, os gastos ocasionados con motivo da participación nas competicións e programas deportivos incluídos no programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte (anexo VII).

14.2. O órgano concedente comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostra, un número de expedientes significativo, coa finalidade de obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para o que poderá requirirle á entidade beneficiaria a remisión da totalidade dos documentos xustificativos e, en todo caso, procederá a requirirle a totalidade dos ditos documentos cando, das comprobacións realizadas, non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención. Para estes efectos, e consonte o artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de importes inferiores a 1.000 euros a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor.

14.3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que considere oportunos.

14.4. A documentación sinalada neste artigo será presentada, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4.º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a través dos servizos provinciais de deportes, ante a Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 15. *Pagamento.*

15.1. Os beneficiarios das subvencións deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento sinalado na correspondente convocatoria.

15.2. O pagamento da subvención queda condicionado á presentación da documentación xustificativa sinalada no artigo anterior.

15.3. O importe da subvención farase efectivo nun único pagamento na conta bancaria certificada na xustificación.

Artigo 16. *Obrigas dos beneficiarios.*

16.1. As entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e en particular a adoptar as seguintes medidas de identificación, información e publicidade da subvención concedida:

a) Incluír o logotipo da Secretaría Xeral para o Deporte –dispoñible para os efectos na páxina web www.deportegalego.es– nos medios de comunicación da entidade. Así mesmo, os clubs que compitan a nivel estatal deberán incluír no vestiario deportivo oficial o citado logotipo.

b) Colaborar nas actividades programadas pola Secretaría Xeral para o Deporte e, especialmente, mediante a participación dos xogadores, adestradores e equipo técnico nas actividades, cursos, conferencias ou *clinics* dirixidos a deportistas de base e á comunidade educativa.

c) Facilitar a incorporación dos deportistas nas convocatorias das seleccións galegas para participar en torneos ou campionatos oficiais ou amigables.

d) Conservar, nos seguintes catro anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. En todo caso, e segundo o artigo 49.1.h) da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, os beneficiarios das subvencións acollidas a esta resolución quedan exentos de achegar os xustificantes das anteriores obrigas.

f) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das actividades subvencionadas por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 17 destas bases.

16.2. Os beneficiarios das subvencións quedan sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Facenda e ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou do Tribunal de Contas.

Artigo 17. Incumprimento, reintegros e sancións.

17.1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver totalmente as subvencións percibidas, así como aos xuros de demora correspondentes.

17.2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

17.3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. Control.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, dos servizos da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 19. Remisión normativa.

En todo o non previsto nestas bases rexerá a normativa xeral en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da norma anteriormente citada, así como polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conxunto normativo en que se establecen os requisitos xerais das subvencións concedidas pola Administración autonómica, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO II

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS E AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR945C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1) DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

DON / DONA		NIF	
PRESIDENTE/A DA ENTIDADE DEPORTIVA		Nº REGISTRO NA SECRET. XERAL DEPORTE	
ENDEREZO SEDE SOCIAL			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	CIF	
CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE	
FAX	TELÉFONO SEDE SOCIAL	TELÉFONO MÓBIL PRESIDENTE (OBRIGATORIO)	TELÉFONO MÓBIL SECRETARIO (OBRIGATORIO)
DATOS DA CONTA BANCARIA	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL
			CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

2) DATOS DA SOLICITUDE

Modalidade de solicitante e finalidade da axuda:	
Club / S.A.D. <input type="checkbox"/> PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS	
Federación da modalidade deportiva principal para a que solicita subvención:	Outras federacións das modalidades deportivas da entidade para as que solicita subvención:
A.D. Escolar <input type="checkbox"/> COORGANIZACIÓN CAMPAÑA DO DEPORTE ESCOLAR	

3) DECLARA QUE:

- a) A entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.
 b) Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
 c) Acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas na resolución.

4) DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

- FOTOCOPIA DO CIF
 FOTOCOPIA DO DNI DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA DOS DATOS DE IDENTIDADE TELEMATICAMENTE
 DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III)
 NO CASO DAS SAD, DECLARACIÓN DE AXUDAS DE MINIMIS (ANEXO VIII)

Autorizo a Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 15 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas, e pola que se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA E SELO DO SOLICITANTE Lugar e data _____ de _____ de _____	Xefe do Servizo Provincial de Deportes de _____	



ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona _____, con DNI _____
como presidente/a da entidade _____
con CIF _____, **DECLARO baixo a miña responsabilidade**, que para a mesma finalidade, en relación a outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de entidades privadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.

AXUDAS SOLICITADAS:

NON se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade

SI se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/institución a que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado

AXUDAS CONCEDIDAS:

NON se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.

SI se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____ de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade

ANEXO IV

SOLICITUDE DE ABOAMENTO DA AXUDA CONCEDIDA:

Don/Dona , con DNI

como presidente/a da entidade

con CIF SOLICITA o aboamento da axuda concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, por importe de con cargo á subvención a clubs, e agrupacións deportivas escolares de Galicia no ano 2012, para o cal presenta a seguinte documentación:

- Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se fará o ingreso da subvención
- Declaración doutras axudas (anexo III)
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (anexo V)
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividades (anexo VI)
- Detalle doutros ingresos e subvencións que financien a actividade subvencionada (anexo VII)
- No caso das SAD, ademais, declaración de axudas *de minimis* (anexo VIII).

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade

Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

*ANEXO V***MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S IMPOSTAS NA
CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

NOTA: os datos que se acheguen referiranse á última tempada rematada na data de achega desta memoria.

A) RELACIÓN DE EQUIPOS E LICENZAS, INDICANDO:

- Modalidade deportiva
- Nº de licenzas por categoría e sexo.
- Denominación oficial da liga ou campionato en que participou.

B) RELACIÓN DE EQUIPOS E LICENZAS, INDICANDO:

- Modalidade deportiva
- Categoría e sexo.
- Evento e data.
- Resultado.

C) ADESTRADORES:

- Número de adestradores titulados vinculados á entidade.
- Funcións que desenvolven.

D) OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.

O/a presidente/a da entidade

ANEXO VII

DETALLE DOUTROS INGRESOS E SUBVENCIONS QUE FINANCIEN A ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	
Don/Dona	<input type="text"/> , con DNI <input type="text"/>
como presidente/a da entidade	<input type="text"/>
con CIF	<input type="text"/>
DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que:	
<input type="checkbox"/> como club deportivo	
<input type="checkbox"/> como sociedade anónima deportiva	
<input type="checkbox"/> como agrupación deportiva escolar	
<p>O importe da subvención concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, xunto ás posibles subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, non supera, no caso dos clubs e das sociedades anónimas deportivas, os gastos ocasionados con motivo da participación dos seus equipos e deportistas nas competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional, ou, no caso das agrupacións deportivas escolares, os gastos ocasionados con motivo da participación nas competicións e programas deportivos incluídos no programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte.</p>	
E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.	
_____ , de _____ de _____	
Sinatura e selo da entidade	

ANEXO VIII

DECLARACIÓN DE AXUDAS DE MINIMIS
-SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS-

Don/Dona , con DNI

como presidente/a da SAD

con CIF

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que en relación coas axudas suxeitas ao réxime *de minimis* e referidas aos tres últimos exercicios, foron solicitadas, se é o caso, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución as seguintes:

SOLICITADAS

NON se solicitaron axudas

SI se solicitaron axudas

Entidade/institución a que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado	Exercicio
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS CONCEDIDAS

NON se solicitaron axudas

SI se solicitaron axudas

Entidade/institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido	Exercicio
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____ , de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade

CVE-DOG: uvkmyb4-o1y8-tso7-h2b2-bm2zle4fe4s5